



Concello da Coruña

Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 AYD	Documento 21118I06C2	
Código de verificación  5X5Z 311F 3D62 572G 0D7V	Expediente 211/2024/918	
	Fecha 28-11-2024	

BASES REGULADORAS DOS CURSOS MUNICIPAIS DE INICIACIÓN AO GOLF | ANO 2025

1. OBXECTO:

Constitúe o obxecto destas bases regular a convocatoria pública para a participación nos **cursos municipais de iniciación ao golf** a impartir durante o **ano 2025**. Acompañarán a estas bases os anexos correspondentes á oferta e prazos de cada trimestre ou período.

2. PROGRAMA E PREZO:

2.1. LUGAR DE IMPARTICIÓN: Campo Municipal de Golf Torre de Hércules (Rúa Dr. Vázquez Iglesias, 2 15002 A Coruña)

2.2. PERÍODOS: Establécense os seguintes trimestres ou períodos:

- a) Primeiro trimestre: xaneiro, febreiro e marzo do 2025.
- b) Segundo trimestre: abril, maio e xuño do 2025.
- c) Cursos de verán: xullo e agosto do 2025.
- d) Cuarto trimestre: outubro, novembro e decembro do 2025.

2.3. PREZO: Aplicaranse as tarifas segundo a ordenanza fiscal en vigor.

2.4. PERSOAS DESTINATARIAS E IDADES: Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña e que non teña xa participado noutro curso municipal de Golf. Os cursos organizaranse en varias franxas de idade:

- a) Infantil: de 6 a 11 anos
- b) Xuvenil: de 12 a 16 anos
- c) Adultos: de 17 anos en diante

A idade mínima requirida en cada curso deberá terse cumprida -ou cumprirse- durante o desenvolvemento do curso.

2.5. QUENDAS E PRAZAS: Realizaranse 5 quendas cun total de 664 prazas, organizadas en OITO (8) prazas por grupo, segundo a oferta de cada período. Cada quenda dispoñerá de seu propio anexo onde se se anunciarán as datas de inicio e de fin dos cursos e do procedemento de solicitude e adxudicación das prazas.

- a) ANEXO 1: Xaneiro-Febreiro-Marzo: 136 prazas



Concello da Coruña

- b) ANEXO 2: Abril-Maio-Xuño: 136 prazas
- c) ANEXO 3: Xullo: 128 prazas
- d) ANEXO 4: Agosto: 128 prazas
- e) ANEXO 5: Outubro-Novembro-Decembro: 136 prazas

3. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS: para todas as quendas

3.1. PREINSCRIPCIÓN: O inicio da preinscripción será publicado na páxina web do Concello da Coruña www.coruna.gal/deportes e nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais.

a) Realizarase unicamente a través do formulario que se indique na páxina web www.coruna.gal/deportes.

b) Número de cursos por persoa: Cada persoa poderá presentar unha única solicitude cun máximo de dous cursos, por orde de preferencia, pero **só se poderá matricular nun único curso**.

c) **No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando todas as feitas con anterioridade.**

3.2. LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITANTES: Publicarase unha listaxe provisional de solicitantes, na que se poderán revisar os datos persoais, e abrirase un prazo para a corrección de erros.

3.3. EMENDA DE ERROS: Abrirase un prazo para a corrección de erros desde a publicación da listaxe provisional de solicitantes. As alegacións presentaranse por correo electrónico ao enderezo programasdeportivos@coruna.gal.

No prazo de corrección de erros non se admitirán novas solicitudes nin cambios na orde de preferencia dos cursos solicitados, tan só se atenderá á corrección dos datos persoais consignados no formulario.

3.4. LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITANTES PARA O SORTEO: Publicarase a listaxe atendendo ás correccións, se proceden, das persoas solicitantes que participarán no proceso de selección, coa inclusión do número asignado para o sorteo.

A asignación do número farase por orde cronolóxica de entrada da solicitude.

3.5. SORTEO No suposto de que existan máis solicitudes que prazas, para establecer a orde de adxudicación de prazas celebrarase un sorteo público do número que establecerá o corte para a adxudicación. O sorteo realizarase desde a páxina web <https://echaloasuerte.com> ou polo procedemento de insaculación nas oficinas do Palacio de Deportes de Riazor.

3.6. CRITERIOS DE PREFERENCIA: para a adxudicación das prazas, nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior das ofertadas, teranse en conta os criterios de preferencia:



Concello da Coruña

- a) No primeiro lugar, as persoas empadroadas no Concello da Coruña, seguido das persoas que non participaran con anterioridade nalgún curso municipal de Golf no campo da Torre.
- b) A orde de preferencia nas actividades solicitadas (Opción 1 ou Opción 2).
- c) O número asignado á solicitude en relación ao número obtido no sorteo público.

As persoas que non obtivesen praza neste proceso pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

3.7. LISTAXE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS: publicarase a listaxe de adxudicación de prazas e listaxe de agarda.

4. MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓNS:

A matrícula formalizarase, durante o prazo estipulado para cada quenda, no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules mediante o pago das taxas correspondentes segundo a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cada persoa só poderá matricularse nun único curso, aínda que por sorteo teña adxudicada as dúas opcións solicitadas. Agás que, finalizada a listaxe de agarda, quedaran prazas libres.

4.1. Documentación que debe acompañarse para a matrícula.

- a) Fotocopia do DNI (desde os 14 anos).
- b) Para menores de idade ou persoas suxeitas a tutela, aínda que dispoñan de DNI propio, tamén deberá presentarse Libro de Familia e DNI de pai/nai ou titor/titora legal. No caso de persoas suxeitas a tutela deberá achegarse tamén o documento legal que a acredite.

4.2. No caso de non formalizar a inscrición no prazo establecido, entenderase que se renuncia á praza e adxudicaranse as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.

5. OUTRAS DISPOSICIÓNS

5.1. A formalización da solicitude de preinscrición e, se é o caso, da matrícula supón a aceptación das normas desta convocatoria.

5.2. Coa presentación da solicitude e, se fose o caso, da formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, de ser o caso, o/a titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM e da concesionaria do Campo Municipal de Golf da Torre.

5.3. A presentación da solicitude implica declarar que son certos os datos achegados. No caso que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos mesmos, o alumnado afectado causará baixa no curso, sen dereito á devolución das taxas aboadas.

5.4. Para constituírse un grupo será necesario un mínimo de 6 persoas inscritas; en caso contrario, facilitaranse outros horarios ás persoas solicitantes.



Concello da Coruña

- 5.5. Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.
- 5.6. Toda a información e listaxes relativas e a esta convocatoria poderá consultarse na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes, nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais e no teléfono de información cidadá 010.
- 5.7. Serán de aplicación as normas de uso das “Instalacións Deportivas Municipais, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades” aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007, e ás propias do Campo De Golf Torre de Hércules.
- 5.8. O/a participante, e se fose o caso o/a seu/súa titor/a, fai constar que non padece ningunha enfermidade que o/a incapacite para practicar actividade deportiva. Se padece discapacidade ou outros datos relevantes que poidan incidir na práctica deportiva, deberallo comunicar ao Campo Municipal de Golf no momento da súa matrícula.

No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa poida estar nalgunha destas circunstancias, poderáselle requirir expresamente a achega do certificado médico ou documento equivalente.

- 5.9. O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concurrentes en cada caso.
- 5.10. **PROTECCIÓN DE DATOS:** Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña, formando parte dos ficheiros INSTALACIÓNS DEPORTIVAS e CAMPO DE GOLF TORRE DE HÉRCULES, do que será responsable do tratamento ORTO PARQUE E XARDÍNS, S.L. e SIDECU, S.L. U.T.E.. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade que a prestación dos servizos conleva o tratamento de datos persoais. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. Os seus datos comunicaranse a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro, entidades aseguradoras, outros órganos da Administración local e profesionais ou entidades adxudicatarias da prestación do servizo.
- Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento así como a portabilidade de datos, presentando un escrito no Rexistro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, na seguinte ligazón <https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-personal/contenido/1453762232714>. De ser o caso, poderá poñerse tamén en contacto coa persoa Delegada de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal.

Pode consultar a información adicional detallada sobre o tratamento dos seus datos na seguinte ligazón: <https://www.coruna.gal/web/gl/rgpd>.



Concello da Coruña

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A Técnica Superior de Deportes
Ana Lenchka Yaquimenko Delascio

Conforme
O Director de Área de Deportes
Daniel Regos Vilares

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Téc. Sup. Deportes (ANA LENOCHKA YAQUIMENKO DELASCIO) a las 15:03 del día 28/11/2024 y por Director da Área de Deportes (DANIEL REGOS VILARES) a las 10:19 del día 29/11/2024. Mediante el código de verificación 5X5Z311F3D62572G0D7V puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Concello da Coruña

ANEXO I ÁS BASES REGULADORAS DOS CURSOS MUNICIPAIS DE INICIACIÓN AO GOLF ANO 2025

CURSOS DE INICIACIÓN AO GOLF 1º TRIMESTRE - XANEIRO-FEBREIRO-MARZO DE 2025

- **Presentación das solicitudes:** as solicitudes para participar nos cursos poderán presentarse do 02 de decembro a partir das 08:00h. ata o 08 de decembro de 2024 ás 23:59h., ambos os dous inclusive.
- **Listaxe provisional de solicitantes:** publicárase o día 10 de decembro de 2024 na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes e nos taboleiros de anuncios do propio campo municipal de golf e das instalacións municipais da Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor, e no teléfono de información cidadá 010.
- **Emenda de erros:** abrirase un prazo de corrección a partir da data de publicación das listaxes provisionais para que se poidan formular alegacións ata o 12 de decembro de 2024. As alegacións presentaranse por correo electrónico ao enderezo programasdeportivos@coruna.gal.
- **Listaxe definitiva de solicitantes:** publicárase o 13 de decembro de 2024 a partir das 14:00h.
- **Sorteo público:** terá lugar o 16 de decembro de 2024, ás 09:00 h.
- **Listaxes de adxudicación de prazas:** publicáranse o 18 de decembro de 2024 a partir das 14:00h.
- **Matrícula:** No Campo Municipal de Golf Torre de Hércules do 19 ao 26 de decembro de 2024 as persoas ás que lles corresponda praza. A xestión da listaxe de agarda será do 27 ao 30 de decembro.

CURSOS OFERTADOS

FRANXA IDADE	CÓDIGO CURSO	DÍAS	HORARIO	PAZAS
ADULTOS +17 ANOS	13.2.25.02.06.0.01	LUNS E XOVES	09:30 a 10:30	8
	13.2.25.02.06.0.02	LUNS E XOVES	10:30 a 11:30	8
	13.2.25.02.06.0.03	LUNS E XOVES	11:30 a 12:30	8
	13.2.25.02.06.0.04	LUNS E XOVES	19:30 a 20:30	8
	13.2.25.02.06.0.05	LUNS E XOVES	20:30 a 21:30	8
	13.2.25.02.06.0.06	MARTES E VENRES	09:30 a 10:30	8
	13.2.25.02.06.0.07	MARTES E VENRES	10:30 a 11:30	8
	13.2.25.02.06.0.08	MARTES E VENRES	11:30 a 12:30	8
	13.2.25.02.06.0.09	MARTES E VENRES	19:30 a 20:30	8
	13.2.25.02.06.0.10	MARTES E VENRES	20:30 a 21:30	8
	13.2.25.02.06.0.11	SÁBADO E DOMINGO	09:30 a 10:30	8
	13.2.25.02.06.0.12	SÁBADO E DOMINGO	10:30 a 11:30	8
XUVENIL 12-16 ANOS	13.2.25.02.09.0.15	LUNS E XOVES	18:00 a 19:00	8
	13.2.25.02.09.0.16	SÁBADO E DOMINGO	11:30 a 12:30	8
INFANTIL 6-11 ANOS	13.2.25.02.08.0.13	LUNS E XOVES	17:00 a 18:00	8
	13.2.25.02.08.0.14	MARTES E VENRES	16:00 a 17:00	8
	13.2.25.02.08.0.17	SÁBADO E DOMINGO	12:30 a 13:30	8



Concello da Coruña

DATAS DE INICIO E FIN DOS CURSOS

FRECUENCIA DÍAS	DATA INICIO	DATA FIN
Luns e xoves	2 de xaneiro de 2025	17 de marzo de 2025
Martes e venres	3 de xaneiro de 2025	18 de marzo de 2025
Sábados e domingos	11 de xaneiro de 2025	22 de marzo de 2025